

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES GONZALO TORRENTE BALLESTER
CURSO: 2019-2020
MATERIA: TECNOLOXÍA
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 01/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
2º ESO	
2º ESO-RECUPERACIÓN	
TE-B1.1-Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	2º-TEB1.1.1-Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
TE-B2.1-Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.	2º-TEB2.1.1-Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.
TE-B2.2-Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	2º-TEB2.2.1-Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
TE-B3.1-Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	2º-TEB3.1.1-Describe as características propias dos materiais de uso técnico. 2º-TEB3.1.2-Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.
TE-B3.2-Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	2º-TEB3.2.1-Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.
TE-B4.1-Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	2º-TEB4.1.2-Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.
TE-B4.2-Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.	2º-TEB4.2.1-Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. 2º-TEB4.2.2-Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes. 2º-TEB4.2.3-Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.
TE-B5.1-Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	2º-TEB5.1.1-Identifica as partes dun computador.
TE-B5.2-Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	2º-TEB5.2.1-Manexa programas e software básicos. 2º-TEB5.2.2-Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
2º ESO-REPASO,REFORZO E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN	

<p>TE-B4.2-Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.</p>	<p>2º-TEB4.2.1-Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.</p> <p>2º-TEB4.2.2-Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engranaxes.</p> <p>2º-TEB4.2.3-Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.</p> <p>2º-TEB4.2.4-Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.</p> <p>2º-TEB4.2.5-Deseña sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.</p>
<p>TE-B5.1-Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.</p>	<p>2º-TEB5.1.1-Identifica as partes dun computador.</p>
<p>TE-B5.2-Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.</p>	<p>2º-TEB5.2.1-Manexa programas e software básicos.</p> <p>2º-TEB5.2.2-Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</p>
<p>TE-B5.3-Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p>	<p>2º-TEB5.3.1-Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.</p>
3º ESO	
3º ESO RECUPERACIÓN	
<p>TE-B1.1-Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p>	<p>3º-TEB1.1.1.-Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p>
<p>TE-B2.1-Interpretar esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p>	<p>3º-TEB2.1.1.-Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p>

<p>TE-B3.1-Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.</p>	<p>3º-TEB3.1.1.-Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.</p> <p>3º-TEB3.1.2.-Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.</p>
<p>3º ESO-REPASO, REFORZO E NO SEU CASO AMPLIACIÓN</p>	
<p>TE-B4.1-Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.</p>	<p>3º-TEB4.1.1.-Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.</p>
<p>TE-B4.2-Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.</p>	<p>3º-TEB4.2.2.-Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.</p>
<p>TE-B4.3-Deseñar e simular circuitos con simboloxía adecuada e montar circuitos con operadores elementais.</p>	<p>3º-TEB4.3.1.-Deseña circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.</p> <p>3º-TEB4.3.2.-Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.</p>
<p>TE-B5.2-Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.</p>	<p>3º-TEB5.2.1.-Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.</p> <p>3º-TEB5.2.2.-Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.</p>
<p>TE-B5.3-Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p>	<p>3º-TEB5.3.1.-Instala e manexa programas e software básicos.</p> <p>3º-TEB5.3.2.-Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</p> <p>3º-TEB5.3.3.-Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</p>
<p>4º ESO</p>	
<p>4º ESO RECUPERACIÓN</p>	
<p>TE-B2.1-Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.</p>	<p>4º-TEB2.1.1-Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.</p> <p>4º-TEB2.1.2-Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.</p>

TE-B2.4-Avaliar a contribución da arquitectura da vivenda, das súas instalacións e dos hábitos de consumo ao aforro enerxético.	4º-TEB2.4.1-Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.
TE-B3.1-Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuíto electrónico e os seus compoñentes elementais.	4º-TEB3.1.2-Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
TE-B3.4-Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	4º-TEB3.4.1-Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole. 4º-TEB3.4.2-Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.
TE-B3.5-Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	4º-TEB3.5.1-Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.
TE-B5.1-Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	4º-TEB5.1.1-Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
TE-B5.2-Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	4º-TEB5.2.1-Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.
TE-B5.3-Coñecer e manexar con soldadura a simboloxía necesaria para representar circuítos	4º-TEB5.3.1-Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.
4º ESO REPASO, REFORZO E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN	
TE-B1.2-Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	4º-TEB1.2.1-Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos. 4º-TEB1.2.2-Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
TE-B1.4-Utilizar equipamentos informáticos.	4º-TEB1.4.1-Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.
TE-B3.2-Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.	4º-TEB3.2.1-Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.
TE-B4.3-Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma.	4º-TEB4.3.1-Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.
TE-B5.1-Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	4º-TEB5.1.1-Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
TE-B5.2-Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	4º-TEB5.2.1-Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.
TE-B5.3-Coñecer e manexar con soldadura a simboloxía necesaria para representar circuítos.	4º-TEB5.3.1-Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.

TE-B5.4-Experimentar con dispositivos pneumáticos ou simuladores informáticos.	4º-TEB5.4.1-Realiza montaxes de circuítos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.
TE-B6.1-Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia.	4º-TEB6.1.1-Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.
TE-B6.2- Analizar obxectos técnicos e tecnolóxicos mediante a análise de obxectos	4º-TEB6.2.1-Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.
1º BACHARELATO-TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I	
1º BACHARELATO –TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I RECUPERACIÓN	
TI-B1.1-Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social	1º-TIB1.1.1-Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.
TI-B1.2-Explicar as diferenzas e as similitudes entre un modelo de excelencia e un sistema de xestión da calidade, identificando os principais actores que interveñen e valorando criticamente a repercusión que a súa implantación pode ter sobre os produtos desenvolvidos, e expolo oralmente co apoio dunha presentación.	1º-TIB1.2.1-Elabora o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado.
TI-B3.1-Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna en relación coas propiedades que presentan e coas modificacións que se poidan producir.	1º-TIB3.1.1-Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades. 1º-TIB3.1.2-Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna
TI-B3.2-Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.	1º-TIB3.2.1-Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación.
TI-B3.3-Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación tipo, identificando as máquinas e as ferramentas utilizadas e as condicións de seguridade propias de cada unha, apoiándose na información proporcionada na web dos fabricantes.	1º-TIB3.3.1-Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. 1º-TIB3.3.2-Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. 1º-TIB3.3.3-Describe as principais condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal.

TI-B3.4-Analizar o impacto ambiental e social que poden producir os procesos de obtención de materiais e os procesos de fabricación.	1º-TIB3.4.1-Coñece o impacto ambiental que poden producir as técnicas utilizadas.
TI-B4.1-Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable.	1º-TIB4.1.1-Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade. 1º-TIB4.1.2-Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivos e as súas interrelacións.
TI-B4.2-Realizar propostas de redución de consumo enerxético para vivendas ou locais coa axuda de programas informáticos e a información de consumo dos mesmos.	1º-TIB4.2.1-Explica as vantaxes que supón, desde o punto de vista do consumo, que un edificio estea certificado enerxeticamente. 1º-TIB4.2.2-Calcula custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados. 1º-TIB4.2.3-Elabora plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido.
1º BACHARELATO –TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I-REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN	
TI-B2.1-Analizar os bloques constitutivos de sistemas e/ou máquinas, interpretando a súa interrelación, e describir os principais elementos que os compoñen, utilizando o vocabulario relacionado co tema.	1º-TIB2.1.1-Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto. 1º-TIB2.1.2-Debuxa diagramas de bloques de máquinas-ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina.
TI-B2.2-Realizar esquemas de sistemas mecánicos e de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos que dan solución a problemas técnicos, con axuda de programas de deseño asistido, e calcular os parámetros característicos destes.	1º-TIB2.2.2-Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun sistema mecánico e dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.
TI-B2.3-Verificar o funcionamento de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación física destes.	1º-TIB2.3.2-Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.
2º BACHARELATO-TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II	
TI-B2.2-Describir as partes de motores térmicos e eléctricos, e analizar os seus principios de funcionamento.	2º-TIB2.2.1-Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento. 2º-TIB2.2.2-Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.

<p>TI-B3.1-Expor en público a composición dunha máquina ou un sistema automático, identificando os elementos de mando, control e potencia, e explicando a relación entre as partes que os compoñen.</p>	<p>2º-TIB3.1.1-Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes.</p> <p>2º-TIB3.1.2-Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados.</p>
<p>TI-B3.2-Representar graficamente, mediante programas de deseño, a composición dunha máquina, dun circuíto ou dun sistema tecnolóxico concreto.</p>	<p>2º-TIB3.2.1-Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.</p>
<p>TI-B3.3-Verificar o funcionamento de sistemas automáticos mediante simuladores reais ou virtuais, interpretando esquemas e identificando os sinais de entrada e saída en cada bloque.</p>	<p>2º-TIB3.3.1-Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático.</p>
<p>TI-B4.1-Deseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuitos lóxicos.</p>	<p>2º-TIB4.1.1-Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.</p> <p>2º-TIB4.1.2-Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuíto.</p> <p>2º-TIB4.1.3-Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuíto.</p>
<p>TI-B5.4-Relacionar os tipos de microprocesadores empregados en computadores de uso doméstico, procurando a información en internet, e describir as súas principais prestacións.</p>	<p>2º-TIB5.4.1-Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p style="text-align: center;"><u>Procedementos:</u></p> <p>-A avaliación será individualizadora, integradora, cualitativa, orientadora e formativa, telemática e continua.</p> <p>-A avaliación cumprirá a función de realimentación que rectifica os problemas detectados e establece mecanismos de corrección para poder garantir o correcto proceso de ensino- aprendizaxe.</p> <p>-Centrarémonos na recuperación, no repaso, reforzo, e no seu caso ampliación de conceptos, os procedementos realizados e no interese do alumnado.</p> <p>As actividades de repaso, reforzo e no seu caso ampliación realizadas no terceiro trimestre terán un carácter diagnóstico e o alumnado non se verá perxudicado polas dificultades derivadas ao cambio da metodoloxía. Ditas actividades estarán dispoñibles nos cursos específicos creados polo profesorado para cada nivel na Aula Virtual do noso centro educativo ou serán enviadas mediante correo electrónico.</p> <p>-A observación sistemática e o rexistro de datos no caderno do profesorado da análise das producións do alumnado verificando a correcta realización das diferentes actividades propostas e a súa data de entrega, xunto coa información obtida mediante a comunicación co alumnado mediante medios telemáticos, comunicación telefónica ou mediante videoconferencias serán os medios a avaliar e permitirá realizar o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>-O alumnado estará informado de todos os datos obtidos (e que posteriormente van ser utilizados para obter a cualificación final) na aula virtual do noso centro educativo, nas aplicacións didácticas utilizadas ou mediante correo electrónico para poder tomar as medidas correctoras oportunas.</p>
	<p style="text-align: center;"><u>Instrumentos:</u></p> <p>- A observación das actividades desenvolvidas e o rexistro da información do alumnado sobre a:</p> <ul style="list-style-type: none">• Motivación cara a materia• Correcta realización e presentación dos diferentes traballos e actividades propostas tanto individuais como en grupo nas datas sinaladas• Probas telemáticas (ou no seu caso presenciais) obxectivas ou traballos específicos sobre:

	<ul style="list-style-type: none"> -Definición de conceptos -Resolución de problemas e cuestións -Identificación e descrición de ferramentas ou materiais -Explicación de procesos de traballo e funcionamento de máquinas e mecanismos -Deseño e interpretación de circuítos eléctricos ou pneumáticos e esquemas mecánicos ou pneumáticos -Interpretación e realización de esbozos ou bocetos • Utilización de recursos informáticos: <ul style="list-style-type: none"> -Coñecemento das ferramentas básicas dos distintos programas -Integración de recursos informáticos en documentos <p>recollerase no caderno do profesorado podendo utilizarse cuestionarios, escalas de valoración e autoavaliación, listas de control e no seu caso rúbricas.</p>
Cualificación final	<p>-A nota final será a media aritmética da primeira e a segunda avaliación máis unha puntuación adicional do traballo desenvolvido na fase telemática.</p> <p>-A media da primeira e a segunda avaliación calcularase coa nota media real que tiña o alumnado tanto na primeira como na segunda avaliación.</p> <p>No caso de que o alumnado acadara na primeira avaliación un 8,7 e a súa cualificación fose un 9, para realizar o cálculo da nota media utilizarase a nota sen aproximacións, por tanto un 8,7.</p> <p>De igual maneira se un alumno acadara un 8,4 na primeira avaliación e a súa cualificación fose un 8, para realizar o cálculo da nota media utilizarase a nota sen aproximacións, por tanto un 8,4.</p> <p>O alumnado que recupere unha avaliación mediante a realización de tarefas obterá unha puntuación máxima de 5 nesa avaliación.</p> <p>-A puntuación adicional do traballo desenvolvido na fase telemática podería ir dende 0 puntos ata un máximo de 2 puntos.</p> <p>O incremento dependerá do número de tarefas que realice o alumnado e a súa correcta realización xunto coa data de entrega das tarefas na data sinalada.</p> <p>Para poder acadar a puntuación máxima deberá ter realizado perfectamente todas as actividades nas datas sinaladas.</p>

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>-Realizárase unha proba presencial ou telemática dos contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación relacionados cos estándares e cos criterios de avaliación recollidos na adaptación da programación. (100% da cualificación)</p>	
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p align="center"><u><i>Criterios de avaliación:</i></u></p> <ul style="list-style-type: none"> • No caso do alumnado da ESO que ten pendente a materia de: <ul style="list-style-type: none"> - 2º da ESO: <p>-Debido a situación de excepcionalidade como se recolle no seguinte apartado de procedementos e instrumentos de avaliación, o alumnado deberá realizar as tarefas vinculadas ao apartado 1 (3º ESO RECUPERACIÓN). Por tanto, os criterios son o TE-B1.1, TE-B2.1 e TE-B3.1. No caso de que o alumnado non supere a avaliación con resultado negativo os criterios de avaliación son os indicados no apartado 1 (2º ESO RECUPERACIÓN).</p> - 3º da ESO: <ul style="list-style-type: none"> - Debido a situación de excepcionalidade como se recolle no seguinte apartado de procedementos e instrumentos de avaliación, o alumnado deberá realizar as tarefas vinculadas ao apartado 1 (3º ESO RECUPERACIÓN). Por tanto, os criterios son o TE-B3.1, TE-B5.1, TE-B5.2 e TE-B5.3. (O alumnado xa presentou correctamente as tarefas durante a fase non presencial polo que os criterios de avaliación son os indicados anteriormente). • O alumnado de 2º Bacharelato que non cursou a Tecnoloxía Industrial I ao cambiar de modalidade, os criterios de avaliación son os recollidos na programación de 1º de Bacharelato aprobada en setembro neste curso académico. 	
	<p align="center"><u><i>Criterios de cualificación:</i></u></p> <ul style="list-style-type: none"> • No caso do alumnado da ESO: <ul style="list-style-type: none"> -A correcta realización das actividades propostas da avaliación suspensa suporía un aprobado da materia pendente. - No caso da realización da proba telemática (ou presencial) ordinaria establecida pola Dirección do centro e extraordinaria en setembro o 	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 11 DE 17</p>	<p align="right">CENTRO: IES GONZALO TORRENTE BALLESTER CURSO: 2019-2020 MATERIA: TECNOLOXÍA</p>

100% da cualificación é o resultado da proba realizada.

- No caso do alumnado de Bacharelato:
- A cualificación depende o 100% da correcta realización das actividades realizadas.
- No caso de non realizar as tarefas correctamente o alumnado terá unha proba telemática (ou presencial) ordinaria en maio e extraordinaria en setembro

Procedementos e instrumentos de avaliación:

O Departamento acordou avaliar ao alumnado coa materia pendente doutros cursos da forma que se detalla a continuación:

Procedementos de avaliación

- No caso do alumnado da ESO:

Na programación do departamento estableceramos en setembro que o alumnado no caso de estar matriculado na materia de Tecnoloxía no curso seguinte se ten superada a primeira e a segunda avaliación da materia en curso, o alumno recuperaba automaticamente a materia pendente.

Como o noso alumnado que ten unha materia pendente neste curso académico ten unha avaliación cun resultado positivo e outra negativo, debido á situación de excepcionalidade e xunto que parte do alumnado non ten os recursos informáticos necesarios para poder traballar adecuadamente nesta situación, o alumnado soamente terá que recuperar a avaliación que non ten un resultado satisfactorio para recuperar a materia pendente.

Para poder recuperar dita avaliación o alumnado deberá realizar os traballos ou actividades indicados polo profesorado que permiten unha avaliación obxectiva.

No caso de que o alumnado non os realice correctamente será convocado a unha proba telemática (ou presencial) obxectiva ordinaria e extraordinaria en setembro pola Dirección do centro.

Polo que a observación sistemática e o rexistro de datos da análise das producións do alumnado verificando a correcta realización das actividades propostas na data sinalada xunto cunha proba telemática (ou presencial) se fose necesario, serán os medios a avaliar.

- Para o alumnado de 2º Bacharelato que non cursaron a Tecnoloxía Industrial I xa que cambiaron de modalidade:

A través da observación sistemática e rexistro de datos da análise das producións do alumnado verificando a correcta realización dunha serie de actividades de seguimento que os alumnos deberá entregar á profesora de Tecnoloxía Industrial I de xeito periódico. Non se valorarán aquelas actividades que o alumnado entregue fora da data marcada como límite para a súa presentación.

En caso de que non superen a materia a través das actividades de seguimento, o alumnado terá unha proba telemática (ou presencial) ordinaria e extraordinaria convocada pola Dirección do centro.

Instrumentos de avaliación

-Observación directa e rexistro da información do alumnado sobre a correcta realización e presentación de traballos e tarefas no prazo establecido no caderno de clase xunto coa motivación cara a materia, podéndose utilizar rúbricas ou escalas de valoración en caso de ser necesario.

-Probas telemáticas ou presenciais sobre as aprendizaxes e competencias imprescindibles do curso correspondente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Na terceira avaliación realizaremos diferentes tipos de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades de recuperación dirixidas ao alumnado que non ten un resultado satisfactorio na primeira e na segunda avaliación para que poidan continuar co seu itinerario formativo.• Actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes e competencias imprescindibles que consideramos que debemos afianzar nesta terceira avaliación pola súa relevancia para o futuro do alumnado• Actividades de ampliación para poder suscitar o interese por aprender e así garantir á aprendizaxe continua especialmente polo alumnado que ten unha cualificación positiva e destacada na primeira e na segunda avaliación. <p>Dentro das actividades de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso ampliación haberá:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades elaboradas mediante a aula virtual do noso centro educativo ou outras aplicacións como cuestionarios de google.• Actividades deseñadas mediante aplicacións informáticas como Kahoot, Quizizz, Edpuzzle, Cerebriti entre outras.• Tarefas realizadas utilizando simuladores de circuitos pneumáticos (Fluidsim), eléctricos como Cocodrile, mecánicos como Relatrán ou aplicacións de deseño 3D como Tinkercad.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>-Seguiremos as mesmas liñas de traballo indicadas na programación aprobada en setembro: comprensión lectora, expresión oral mediante vídeos ou no seu caso actividades telemáticas, expresión escrita, comunicación audiovisual e TIC, educación en valores especialmente en igualdade de xénero, engadindo a gamificación.</p> <p>-Tentaremos empregar os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Construtivismo: partírase dos coñecementos previos do alumnado para relacionar o novo co que xa coñece.• Aprendizaxe significativo: relacionaranse os novos

coñecementos con aspectos prácticos e cotiáns, intentando conectalos cos seus intereses propios.

- **Actividade:** o alumnado participará coa maior implicación posible na aprendizaxe. Fomentarase a súa participación activa, tanto de xeito individual como no traballo en grupo.
- **Intuición:** sempre se buscará o contacto directo coa realidade e se este non é posible acercaráse por medios intuitivos indirectos (vídeos, láminas ou modelos).
- **Creatividade:** procurarase que o alumnado sempre aporte o seu punto de vista e as súas solucións persoais e creativas.
- **Análise de obxectos:** Durante o proceso de ensino aprendizaxe non presencial utilizaremos soamente a análise de obxectos como metodoloxía alternativa ao método de proxectos.
- **Autonomía:** Incidirase na procura de que o alumnado sexa capaz de aprender a aprender e de aumentar o grado de autoestima e autonomía persoal.

-O profesorado durante a fase non presencial seguirá o proceso de ensino-aprendizaxe facendo un seguimento das actividades que asigna ao alumnado a través da aula virtual do noso centro educativo.

-O profesorado adxuntará as tarefas a realizar no seu curso específico ubicado na aula virtual do noso centro educativo cunha periodicidade semanal ou quincenal, dependendo da dificultade das actividades e do número de sesións lectivas do curso. Tamén poderán ser enviadas por correo electrónico no caso de ser necesario.

-As actividades propostas serán detalladas e adxuntarán ou indicarán os recursos necesarios para poder realizalas.

-Empregaremos plataformas didácticas como Kahoot, Edpuzzle ou Cerebriti en determinadas actividades para aumentar a motivación do alumnado.

O profesorado manterá comunicación co alumnado a través do correo electrónico, mensaxes ou foros da aula virtual ou no seu caso, comunicación telefónica para poder resolver as dúbidas que puideran xurdir na realización dos traballos ou actividades.

-No caso do alumnado que non ten conectividade seguirase as indicacións propostas pola Dirección do centro. Na actualidade a

	<p>conexión realízase por medio do correo electrónico dunha persoa que serve de enlace de comunicación para garantir que todo o alumnado pode acceder as actividades encomendadas. Nese caso o alumnado pode recibir as tarefas impresas se é necesario.</p>
Materiais e recursos	<p>-Libros de texto da editorial Oxford para 2º da ESO e Mc Graw Hill para 2º de Bacharelato.</p> <p>-Documentación ubicada polo profesorado na aula virtual do noso centro educativo (documentos de texto, follas de cálculo, presentacións, vídeos, videotutoriais realizados polo profesorado, páxinas web de apoio, programas informáticos) para a correcta realización das tarefas encomendadas.</p> <p>-Plataformas didácticas como kahoot , Edpuzzle ou Cerebriti.</p> <p>-Cisco webex meetings</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información dos criterios de cualificación estará dispoñible no cursos específicos creados polo profesorado para cada nivel e materia que imparten, ubicados na Aula Virtual do noso centro educativo. O resto da información estará accesible mediante un enlace á páxina web do centro.
Publicidade	A documentación estará dispoñible na páxina web do centro.